

agroseguro

AGRUPACIÓN ESPAÑOLA DE ENTIDADES ASEGURADORAS
DE LOS SEGUROS AGRARIOS COMBINADOS, S. A.

Gobelas, 23 Tel. 91 837 32 00 28023 Madrid (ESPAÑA)



SEGUROS PECUARIOS CONDICIÓN XERAIS

O tomador en representación dos seus asegurados, no caso de declaracións de seguros colectivos, e o asegurado, no caso de declaracións de seguro individual, subscriben este condicionado e aceptan especificamente as súas condicións limitativas, que aparecen destacadas en negra, e reciben neste acto cadansúa copia.

APELIDOS E NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL DO TOMADOR

Ref. do seguro colectivo
ou ref. seguro individual

 -

CIF OU NIF

....., dede

O tomador do seguro ou o asegurado
SINATURA E SELO

DEFINICIÓNS, COBERTURAS, OBRIGAS E ASPECTOS XERAIS

PRIMEIRA - MARCO LEGAL

Este contrato de seguro réxese pola Lei 87/1978, do 28 de decembro, de seguros agrarios combinados, o Regulamento aprobado polo Real decreto 2329/1979, do 14 de setembro, e polo disposto nas presentes condicións xerais, así como nas especiais e particulares, se as houber, que sexan de aplicación en cada un dos plans de seguros agrarios na modalidade de seguro pecuario. Terán carácter supletorio as disposicións contidas na Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro. Non requirirán aceptación expresa as meras transcricións ou referencias a preceptos legais.

SEGUNDA - DEFINICIÓNS

Para os efectos deste seguro, enténdese por:

ASEGURADO: É a persoa física ou xurídica, titular do interese obxecto do seguro a quen lle corresponden os dereitos derivados do contrato e as obrigas que pola súa natureza lle sexan propias, e que en defecto do tomador asume as obrigas e deberes que lle corresponden a este.

ASEGURADOR: Persoa xurídica que asume o risco contractualmente pactado. Este seguro agrario combinado efectúano en réxime de coaseguro as entidades integradas no cadro de coaseguro e representadas pola “Agrupación Española de Entidades Aseguradoras de los Seguros Agrarios Combinados, S.A.” (no sucesivo AGROSEGURO), que é a administradora deste.

BENEFICIARIO: Persoa física ou xurídica que, logo de cesión por parte do asegurado, resulta titular do dereito á indemnización.

CAPITAL ASEGURADO: A cantidade fixada na póliza, que representa o límite máximo de indemnización que hai que pagar por todos os conceptos e sobre o que se xira a pauta da prima. Estará fixado na forma que establezan as condicións especiais do seguro, ben polo valor de cada exemplar, ben globalmente sobre as existencias de animais do mesmo tipo e destino. Sobre a suma do valor dos animais obxecto de seguro aplicarase a porcentaxe de cobertura determinada nas condicións especiais e o resultado será o capital ou suma asegurado.

CARENCIA: O período de tempo que debe transcorrer desde o momento da entrada en vigor do seguro ata a toma de efecto da cobertura dos riscos subscritos.

COBERTURAS PARTICULARES: Excepcionalmente e para o suposto de explotacións con características ou valoración especiais, poderán establecerse casos de aplicación de coberturas e primas particulares mediante pacto expreso entre as partes. Estas coberturas incluíranse nas correspondentes condicións particulares que deberán ser previamente coñecidas pola Dirección Xeral de Seguros e pola Entidade Estatal de Seguros Agrarios e detallarán os límites de garantías, os riscos cubertos, as exclusións e demais aspectos que sexan precisos.

DECLARACIÓN DE SEGURO COLECTIVO: É o documento suscrito por asegurador e tomador dun seguro colectivo en por si e no nome dos seus asociados no que se establecen os recíprocos dereitos e obrigas.

DECLARACIÓN DE SEGURO: O documento suscrito polo tomador, mediante o que solicita a inclusión nas garantías do seguro dos animais que, de modo concreto, sinale. A declaración poderá ser, segundo o tipo de subscrición:

- **DECLARACIÓN DE SEGURO INDIVIDUAL:** A declaración na que o titular da explotación que se asegura é unha soa persoa física ou xurídica, quen figurará naquela en calidade de asegurado.
- **APLICACIÓN A SEGURO COLECTIVO:** A declaración mediante a que un asociado da persoa xurídica que actúa como tomador dun seguro colectivo inclúe neste, en calidade de asegurado, as explotacións de igual clase das que é titular.

DESCUBERTO OBRIGATORIO: A parte do risco que o asegurado está obrigado a manter ao seu cargo, cando o seguro non cubra na súa totalidade o interese asegurado. A porcentaxe de descuberto farase constar, para cada tipo de risco, nas condicións especiais de cada seguro.

FRANQUÍA: A cantidade ou porcentaxe sobre a contía dos danos indemnizables ou do valor asegurado que en cada sinistro queda a cargo do asegurado, segundo o que se estableza nas condicións especiais.

LÍMITES DE INDEMNIZACIÓN: Son os que as condicións especiais do seguro establezan como máximo indemnizable para cada animal ou sinistro.

PÓLIZA: Conxunto de documentos que conteñen as condicións reguladoras do seguro, formando parte delas estas condicións xerais, as especiais de cada seguro, as particulares que se engadan, de ser o caso, a declaración de seguro individual ou colectivo e aplicacións desta última.

PRIMA: É o prezo do seguro. O recibo inclúe a taxa de reaseguro do consorcio de compensación de seguros, os impostos que sexan de legal aplicación e indica a parte a cargo do tomador do seguro, o importe da subvención do Estado e das comunidades autónomas e, de ser o caso, os descontos, bonificacións e recargas.

SACRIFICIO ECONÓMICO: O solicitado polo asegurado, recollido e aceptado na correspondente acta de taxación polo técnico designado por AGROSEGURO e practicado no matadoiro, dun animal afectado por unha causa cuberta polo seguro que provocase a perda da produción principal á que foi destinada polo asegurado.

SACRIFICIO NECESARIO: O solicitado polo asegurado, recollido e aceptado na correspondente acta de taxación polo técnico designado por AGROSEGURO e practicado no matadoiro, para obter o correspondente valor de recuperación dun animal afectado por un evento garantido, con previsible risco de morte.

SACRIFICIO OBRIGATORIO: O ordenado pola autoridade sanitaria, como resultado da execución das campañas de saneamento gandeiro, e practicado nun matadoiro autorizado para iso.

SINISTRO: O feito que constitúe a realización do risco, nas condicións, cos límites e nas circunstancias previstas no contrato.

TOMADOR DE SEGURO: Persoa física ou xurídica que pacta e subscribe o contrato de seguro e asume as obrigas que deste contrato derivan, salvo aquelas que, pola súa natureza, deban ser cumpridas polo asegurado.

VALOR REAL DUN ANIMAL: É o valor do animal asegurado, inmediatamente antes do acontecemento do sinistro, determinado de acordo co seu sexo e idade, o seu estado produtivo e reprodutivo e a eventual presenza de taras e discapacidades, sen prexuízo do que se poida establecer nas condicións especiais.

VALOR DE RECUPERACIÓN: É o valor da carne ou da canal que se pode obter de sacrificar o animal sinistrado no matadoiro.

TERCEIRA. OBXECTO DO SEGURO

Co límite do capital asegurado que corresponda, o seguro ten por obxecto a cobertura do interese asegurado na forma e contra os riscos previstos nas condicións especiais e condicións particulares que, de ser o caso, se contratasen.

CUARTA - EXCLUSIÓNS

Quedan sempre excluídas das garantías do seguro a morte ou o sacrificio de calquera clase, cando sexa consecuencia dos seguintes feitos:

- 1. O desgaste, os vicios, as taras, as invalideces, as debilidades, a desnutrición acusada ou a falta de desenvolvemento dos animais asegurados, o seu roubo, extravío, abandono, furto, así como calquera consecuencia dos feitos sinalados.**

2. **Efectos mecánicos, térmicos e radioactivos debidos a reaccións ou transmutacións nucleares, calquera que sexa a causa que as produza.**
3. **Actos políticos, sociais ou sobrevidos con ocasión de alborotos populares, motíns, folgas, disturbios internos e sabotaxes, así como os danos ocasionados como consecuencia de actos ou accións terroristas, guerra civil ou internacional dentro do país, mediase ou non unha declaración oficial, levantamentos populares ou militares, insurrección, rebelión, revolución ou operacións bélicas de calquera clase.**
4. **Os que se produzan con ocasión da participación dos animais en deportes, apostas, desafíos ou calquera outro destino diferente do consignado na póliza e nos eventos que se garanten en atención ao sistema de manexo ao que están sometidos os animais, cando no momento do acontecemento do sinistro non se encontrasen no sistema de manexo declarado no seguro.**
5. **Calquera dos eventos garantidos, acaecidos con ocasión da permanencia do animal en transportes e na súa carga e descarga.**
6. **Os provocados por mala fe do asegurado ou por infracción de preceptos ditados por autoridades e organismos competentes.**
7. **Os gastos de visita do veterinario, de tratamento e de medicación, salvo aqueles que expresamente se determinen nas condicións especiais.**

Sen prexuízo do anterior, as condicións especiais e particulares do contrato poderán establecer outras exclusións de cobertura, en atención ás características dos riscos e bens asegurados.

QUINTA - FORMALIZACIÓN DA DECLARACIÓN E ENTRADA EN VIGOR DO SEGURO, PAGAMENTO DA PRIMA E PERÍODO DE GARANTÍA

A formalización da declaración do seguro deberá realizarse dentro dos prazos establecidos polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

O seguro entrará en vigor ás cero horas do día seguinte a aquel en que o tomador do seguro pague a prima e sempre que, previa ou simultaneamente, se formalizase a declaración de seguro.

Carecerán de validez e non producirán efecto ningún as declaracións de seguro cuxa prima non fose pagada polo tomador do seguro, ou ben fose pagada fóra dos prazos establecidos polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

O pagamento da prima será realizado ao contado polo tomador do seguro, da forma establecida nas condicións especiais. Nos contratos de subscripción colectiva o tomador do seguro, a medida que vaia incluíndo como asegurados os seus asociados no seguro colectivo, mediante a subscripción das oportunas aplicacións, fará efectiva a parte da prima que lles corresponde.

En ningún caso se entenderá realizado o pagamento cando este se lle efectúe directamente ao mediador de seguros.

Nas condicións especiais determinaranse as datas de inicio e fin do período de garantías. **En ningún caso este poderá comezar antes da toma de efecto, unha vez transcorrido o período de carencia.**

Non poderá ser subscrito este seguro por debedor da totalidade ou parte do recibo ou recibos de primas correspondentes á regulación económica de anteriores declaracións de seguro ou que ampare intereses pertencentes a estas. No caso de incumprimento, o contrato é nulo, impútaselle a prima pagada ás débedas anteriormente mencionadas e, de ser o caso, devólvese o resto da prima.

SEXTA - IDENTIFICACIÓN DOS ANIMAIS

Para que un animal se considere asegurado, deberá estar obrigatoriamente identificado a título individual da forma establecida nas condicións especiais.

SÉTIMA - OBRIGAS DO TOMADOR DO SEGURO OU ASEGURADO

O tomador do seguro e, de ser o caso, o asegurado ou beneficiario, xunto co resto das obrigas previstas no condicionado, están obrigados a:

1. Asegurar todas as explotacións e os seus bens, de igual clase, que posúan dentro do ámbito de aplicación do seguro. **O incumprimento desta obriga, salvo casos debidamente xustificadas, dará lugar á perda do dereito á indemnización.**
2. Cumprir as condicións técnicas de manexo que se establezan en cada caso, así como empregar os medios preventivos e técnicos de explotación axeitados.
3. **Permitirlle e facilitarlle a AGROSEGURO a inspección e a taxación dos animais asegurados en todo momento polo técnico designado, e proporcionarlle todos os detalles e a información necesaria para a adecuada valoración do risco e, de ser o caso, das circunstancias e consecuencias do sinistro. O incumprimento desta obriga, cando concorra culpa grave ou dolo, suporá a perda do dereito á indemnización.**
4. Comunicarlle a AGROSEGURO todas as circunstancias que puidesen agravar o risco descrito na póliza de seguro.

5. Empregar todos os medios ao seu alcance para minorar as consecuencias do sinistro, prestándolles aos animais sinistrados, ata que se verifique o recoñecemento pericial, todos os cuidados habituais e a asistencia facultativa necesaria e velando pola súa conservación.

O incumprimento das obrigas 2, 4 e 5 daralle dereito a AGROSEGURO a reducir a súa prestación, na proporción oportuna, tendo en conta o grao de culpa do asegurado e a importancia dos danos derivados do citado incumprimento ou, de ser o caso, a axustar o importe da indemnización, reducíndoa proporcionalmente á diferenza entre a prima paga e a que lle correspondería aplicar de acordo coa verdadeira entidade do risco. Se mediase dolo ou culpa grave do tomador ou asegurado, AGROSEGURO quedará liberado do pagamento da prestación.

As declaracións intencionadamente falsas formuladas polo tomador do seguro ou asegurado liberan a AGROSEGURO do pagamento da indemnización que puidese corresponderlle.

OITAVA - VALOR DE RECUPERACIÓN

O valor de recuperación do animal sinistrado determinarase de común acordo no momento da inspección dos danos. Se o estado do animal sinistrado dese lugar a dúbidas sobre a posibilidade de comiso da canal, por acordo expreso e escrito do asegurado e do técnico designado por AGROSEGURO, solicitarase do director técnico sanitario do matadoiro que cubra o correspondente certificado especial que, para estes efectos, dispón o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España, e determinarase os resultados económicos do sacrificio e as circunstancias que presentase o animal sinistrado, que se recollerán na acta de taxación.

NOVENA - AVALIACIÓN DOS DANOS

Para determinar o dano atenderase ao valor do interese asegurado no momento inmediatamente anterior ao acontecemento do sinistro. Cando o valor real do animal nese momento sexa inferior ao valor previsto para os efectos do límite de indemnización, é o valor real o que serve de base para o cálculo da indemnización.

Cando reciba a notificación de incidencias, AGROSEGURO procederá á taxación dos danos no prazo fixado nas condicións especiais de cada seguro, para o que, mediante acordo co tomador do seguro ou asegurado, se establecerá o lugar, día e hora para levar a cabo a taxación dos danos.

O tomador do seguro, asegurado ou representante probarán a existencia do/s animal/ais asegurado/s e/ou os seus restos, e amosaranos no lugar onde se atope.

Se o tomador do seguro, o asegurado ou o seu representante non comparecen para a taxación, ou ben non se avisen a reunirse co perito taxador designado por AGROSEGURO, no prazo de 12 horas, requirirase mediante telegrama a súa presenza no lugar acordado ou, no seu defecto, onde estea a explotación. Se volvesen a non comparecer nun prazo improrrogable de 24 horas ou non desen a debida xustificación por causa de forza maior que lle imposibilitase ao tomador do seguro ou asegurado acudir por si mesmo ou representado por outro, entenderase que renuncia á indemnización que puidese corresponderlle polo sinistro.

Se o perito taxador designado por AGROSEGURO non se presentase para realizar a peritaxe no prazo máximo fixado, o gandeiro poderá dispoñer libremente do animal para os efectos que considere oportunos, logo de consulta e informe escrito do veterinario que tratase o animal. Cando o incumprimento se deba a AGROSEGURO e se dispuxese do animal, no caso de taxación contradictoria prevalecerán os criterios e diagnóstico do informe, salvo que AGROSEGURO probe, conforme dereito, o contrario.

A valoración dos danos efectuarase de común acordo entre AGROSEGURO e o asegurado. De se producir disentimento na valoración, procederase conforme o disposto para a designación de peritos.

O tomador do seguro ou o asegurado obrígase á xustificación da recepción coa sinatura das actas de inspección e taxación que se lle presenten, de conformidade, de ser o caso, ou non conforme, se disentise dela, e expresará os seus motivos. Se, tras confeccionar a acta o perito designado por AGROSEGURO e lla comunicar ao asegurado ou ao seu representante, estes non a asinasen, ben de conformidade ou de desconformidade, transcorridas 48 horas entenderase que aceptan o seu contido, e adquire, polo tanto, firmeza a acta redactada.

O asegurado obrígase a comparecer persoalmente na peritaxe dos animais para a súa inspección ou taxación. No caso de que sexan exhibidos por outra persoa, entenderase que foi autorizado para obrar no seu nome.

DÉCIMA - NECESIDADE DA PERITAXE DE SINISTROS

Para que unha incidencia no gando asegurado sexa considerada sinistro indemnizable, o animal sinistrado deberá ser necesariamente examinado polo perito de AGROSEGURO, sen prexuízo do establecido nas condicións especiais ou nos supostos seguintes:

1. Cando AGROSEGURO renuncie expresamente a realizar o exame do animal sinistrado.
2. Cando por culpa de AGROSEGURO se supere o prazo máximo fixado para a inspección dos danos, salvo que existisen os restos do animal e a taxación fose posible, caso en que esta producirá todos os efectos.

3. Cando o veterinario que intervén ordene a destrución dos restos do animal por esixencia de normas zoosanitarias de carácter xeral e de obrigado cumprimento. Neste caso, o veterinario deberá cubrir un certificado oficial no que se faga constar:

- * Identificación do animal.
- * Data da morte ou sacrificio da destrución dos restos.
- * Data de comunicación da enfermidade ao organismo de sanidade correspondente.

Este certificado oficial deberalle ser remitido a AGROSEGURO canda a declaración de sinistro.

4. Nos supostos de sacrificio obrigatorio de animais que dispoñan desta garantía contratada.

DÉCIMO PRIMEIRA - DESIGNACIÓN DE PERITOS

No caso de que non se logre un acordo amigable na valoración do dano dentro do prazo de dez días, contados a partir da data de recepción por AGROSEGURO da declaración de sinistro, cada parte designará un perito, e debe constar a aceptación destes.

Cando se designe un perito e este acepte a misión, non poderá renunciar a ela. No caso de sinistro que lles afecte a intereses amparados por declaracións de seguro colectivo, o tomador do seguro poderá designar o perito que o represente na taxación dos danos. As decisións que adopten os peritos obrigan, neste caso, o tomador e os asegurados que el representa. O tomador do seguro deberá designar tantos peritos como interveñan por parte de AGROSEGURO ou aceptar a taxación realizada polos peritos desta.

Se unha das partes non fixese a designación, estará obrigada a realizala nos oito días seguintes á data na que fose requirida pola que designase o seu; de non facelo neste último prazo, entenderase que acepta o ditame que emita o perito da outra parte, e queda vinculada por este.

Se non hai acordo entre os peritos, as partes designarán un terceiro e os tres obrarán en común, e resolverán por maioría de votos. No caso de disentir na elección do terceiro perito, farano constar en acta; procederá entón á súa designación o xuíz de primeira instancia do partido xudicial no que radiquen as explotacións aseguradas en acto de xurisdición voluntaria e mediante os trámites previstos para o sorteo de peritos na Lei de axuizamento civil.

O ditame pericial conxunto emitirase no prazo acordado polas partes ou, no seu defecto, nos trinta días a partir da aceptación do nomeamento polo perito terceiro.

O ditame dos peritos, por unanimidade ou por maioría, notificaráselles ás partes de maneira inmediata e de forma indubidable, e é vinculante para estas, salvo que se impugne xudicialmente, dentro do prazo de trinta días, no caso de AGROSEGURO, e de cento oitenta, no do tomador do seguro ou asegurado, computados ambos os dous desde a data da súa notificación. Se non se interpuxese nestes prazos a correspondente acción, o ditame pericial devirá inatacable.

Se o ditame pericial fose impugnado, AGROSEGURO deberá aboar o importe mínimo do que poida deber, segundo as circunstancias por el coñecidas, e se non o fose aboará o importe da indemnización fixada polos peritos nun prazo de cinco días.

GASTOS DE TAXACIÓN:

Os gastos periciais correspondentes á taxación que se realizará tras a comunicación do sinistro serán por conta de AGROSEGURO.

Non obstante, se pola non comparecencia ou negativa a amosar o animal sinistrado, o tomador do seguro, asegurado ou o seu representante imposibilitasen unha primeira peritaxe, obrigando á súa repetición, os correspondentes gastos periciais da primeira visita serán ao seu cargo.

No caso de designación de peritos, cada parte aboará os gastos e honorarios do seu perito. Os do terceiro perito e demais gastos que ocasione a taxación pericial conxunta serán por conta e cargo do asegurado e de AGROSEGURO á metade. Se calquera das partes fixese necesaria esta peritaxe por manter unha valoración de danos manifestamente desproporcionada, será ela a única responsable destes gastos.

DÉCIMO SEGUNDA - PAGAMENTO DA INDEMNIZACIÓN

O aboamento das indemnizacións que procedan será efectuado antes de que transcorran dous meses contados a partir da data de recepción da comunicación do sinistro en AGROSEGURO, sempre e cando o asegurado remitise os documentos necesarios de cada tipo de sinistro que lle fosen solicitados por AGROSEGURO, dos previstos nas condicións xerais e especiais xa que, no caso contrario, o inicio do prazo para efectuar a indemnización se posporá ata que se reciba a información solicitada.

En ningún caso o asegurado poderá percibir máis dunha soa indemnización por todos os sinistros sufridos por un mesmo animal.

En calquera suposto, AGROSEGURO deberá efectuar, dentro dos corenta días, a partir da recepción da declaración de sinistro, o pagamento do importe mínimo do que poida deber, segundo as circunstancias por el coñecidas.

Se fixado o importe líquido da indemnización transcorrese o prazo sinalado no primeiro parágrafo desta condición e AGROSEGURO non fixese efectiva a indemnización por causa non xustificada ou que lle fose imputable, esta incrementarase no xuro anual igual ao xuro legal do diñeiro vixente no momento no que se devindique incrementado no 50%.

Comezará o cómputo de xuros na data de conclusión do indicado prazo.

Nas pólizas colectivas as indemnizacións que lles correspondan aos asegurados poderán ser satisfeitas a través do tomador do seguro.

DÉCIMO TERCEIRA - GASTOS DE SALVAMENTO

Terán a condición de "gastos de salvamento":

- a) Os que se orixinen despois da inspección de AGROSEGURO, e sempre que sexan ordenados por esta, con relación ao animal sinistrado.
- b) As actuacións que, con carácter de urxencia, se deban realizar para o salvamento do animal accidentado que estea en perigo inminente de morte, **con exclusión dos gastos normais de asistencia veterinaria e de medicamentos.**

En ningún caso a suma que ha percibir o asegurado por estas actuacións e indemnización polo sinistro poderá superar o límite de indemnización correspondente ao animal sinistrado.

DÉCIMO CUARTA - SUBROGACIÓN DE AGROSEGURO

AGROSEGURO, unha vez pagada a indemnización que lle corresponda, poderá exercer os dereitos e as accións que por razón do sinistro lle correspondan ao asegurado fronte ás persoas responsables deste na forma e límites previstos nas disposicións legais que sexan de aplicación.

Con tal obxecto, o asegurado facilitará toda a información que posúa do sinistro e destas persoas, e responderá dos danos e perdas que a AGROSEGURO irroque o incumprimento do seu deber de información.

DÉCIMO QUINTA - PRESCRICIÓN

As accións que deriven deste contrato de seguro prescribirán no prazo de 2 anos, contados desde o día no que puideron exercerse, conforme o disposto nos artigos 942 e seguintes do Código de comercio.

DÉCIMO SEXTA - XURISDICIÓN

Todas as cuestións que xurdan con ocasión do cumprimento ou interpretación do seguro quedan sometidas aos xuíces e tribunais da localidade do domicilio do asegurado.

DÉCIMO SÉTIMA - COMUNICACIONES

As comunicacións realizadas a AGROSEGURO por parte do tomador do seguro, asegurado ou beneficiario só producirán efecto se se realizan directamente no seu domicilio social en Madrid.

As comunicacións de AGROSEGURO ao tomador do seguro, asegurado ou beneficiario realizaranse no domicilio destes recollido na póliza ou no que se notificase no caso de cambio.

As comunicacións efectuadas por un corredor de seguros a AGROSEGURO, no nome do tomador do seguro ou asegurado, producirán os mesmos efectos que se as realizan eles, salvo indicación contraria destes.

DÉCIMO OITAVA - DESIGNACIÓN DE BENEFICIARIOS. ARBITRAXE DE EQUIDADE

O asegurado poderá designar beneficiario con dereito a percibir a indemnización que corresponda como consecuencia do seguro.

Cando se trate de seguro esixido para a concesión dun crédito oficial, notificaráselle tal circunstancia a AGROSEGURO e serán beneficiarios os organismos ou as entidades que o concedesen, de forma que, no caso de sinistro, a indemnización sexa aplicada, en primeiro lugar, ao reintegro das cantidades do crédito pendentes de amortizar.

A entidade estatal de seguros agrarios actuará como árbitro de equidade en cantas ocasións poidan xurdir derivadas deste seguro e que sexan sometidas á súa decisión arbitral por acordo expreso das partes.

DÉCIMO NOVENA - INFORMACIÓN AO TOMADOR

O tomador e o asegurado quedan informados de que o control da actividade aseguradora lle corresponde ao Reino de España, a través da Dirección Xeral de Seguros do Ministerio de Economía e Facenda, e da posibilidade do titular do interese asegurado de formular a súa reclamación ante o servizo de atención de reclamacións de AGROSEGURO (c/ Gobelos 23, 28023 Madrid) e, de non conformarse coa resposta deste último, reproducila ante o defensor do asegurado (d.a. Defensor, c/ Velázquez 80, 1º D, 28001 Madrid), se versa sobre os supostos recollidos no seu regulamento de actuación, depositado na Dirección Xeral de Seguros, e á súa disposición nas oficinas de AGROSEGURO.